



PROTECCIÓN DE DATOS E AUTORIZACIÓNS (I)

De conformidade co establecido na normativa vixente en protección de datos de carácter persoal.

1. O Ilustre Colexio de Avogados de Santiago de Compostela dispón dun ficheiro para o tratamento de datos de carácter persoal no que se incluírán os seus datos, tanto profesionais coma persoais, logo de ser dado/a de alta neste colexio.

O solicitante autoriza expresamente o seu consentimento para o tratamento dos seus datos coa única finalidade de manter e controlar a relación profesional existente, salvo que vostede nos comunique o contrario.

Si Non

A finalidade deste ficheiro é simplemente organizativa, para o control administrativo e contable, así como para o posterior mantemento das relacións profesionais existentes. O seu uso e destino comprenden exclusivamente o ámbito da actividade colexial e a daqueles organismos administrativamente afíns (consellos nacional e autonómico da avogacía, xulgados, Dirección Xeral de Xustiza, etc.).

Os formularios facilitados para solicitar a alta colexial conteñen preguntas con respostas que poden ter carácter obrigatorio ou facultativo.

De carácter **obligatorio** son:

— Nome, apelidos e DNI; Enderezo profesional, teléfono e fax; Datos académicos; Datos bancarios (domiciliación bancaria de cotas colexiais); Indicar se exerce algunha actividade incompatible coa avogacía; Alta no IAE, RETA ou Mutualidade.

A falta dalgún dos datos indicados anteriormente impedirá a tramitación do expediente de colexiación.

Todo letrado/a adscrito a este colexio de avogados ten a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición a este ficheiro. Para iso deberá dirixirse á sede do Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, no enderezo: rúa de Eduardo Pondal, 4, baixo, de Santiago de Compostela.

O responsable do tratamento destes ficheiros será o Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela.

2. A persoa solicitante presta o seu consentimento expreso para que lle sexa enviada a información que a Xunta de Goberno considere de interese para os colexiados/as por medio do servizo de información colexial.

Si Non

A persoa solicitante **autoriza** expresamente o Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela a que acceda aos rexistros de titulacións universitarias e profesionais dos ministerios de Educación e Xustiza co fin de realizar as comprobacións necesarias en relación co seu expediente de colexiación.

Si Non

A persoa solicitante **autoriza** expresamente a que se inclúa a súa foto na guía colexial que publica o Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela.

Si Non

Como proba de conformidade, asina este documento despois de ser lido.

Santiago de Compostela, ____ de _____ de 20____

Nome e apelidos _____ DNI _____

Sinatura: